

Patronal, UGT e CC.OO queren centralizar en Madrid a negociación da limpeza



[1]

Empresarios e as cúpulas de UGT e CC.OO pretenden centralizar a negociación colectiva da limpeza de edificios e locais. Este propósito está a plasmarse na mesa negociadora do primeiro convenio estatal, onde unha parte importante da patronal, coa aquiescencia das centrais españolas, quere limitar o ámbito competencial dos convenios provinciais e de empresa.

03/2/12.

CIG-Servizos entende que a centralización da negociación colectiva traería consecuencias nefastas para o sector, pois se porían en perigo os acordos de equiparación e os convenios de ámbito inferior (os provinciais e mais os de empresa).

As materias que nun principio se están a abordar na negociación estatal son a estrutura e concorrencia de convenios, a subrogación, o réxime disciplinario, a formación, a clasificación profesional e as modalidades de contratación.

Concentración en Madrid

Coincidindo coa xuntanza da comisión negociadora, un grupo de sindicalistas da CIG-Servizos e da central vasca ELA desprazouse até Madrid para realizar unha concentración reivindicativa en contra da estatalización da negociación colectiva.

[GALERÍA FOTOGRÁFICA](#) [2]

[ACTAS DAS REUNIÓNS DA COMISIÓN NEGOCIADORA](#) [3]

[Concentración da CIG e ELA en Madrid contra a centralización da negociación na limpeza](#) [4]

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>

[2] <http://cigservizos.org/galeria/839>

[3] <http://cigservizos.org/negociacion-colectiva/convenio/3148>

[4] <http://www.cigservizos.org/videos/02.2012/concentraci%C3%B3n-da-cig-e-ela-en-madrid-contra-centralizaci%C3%B3n-da-negociaci%C3%B3n-na-limpeza>